# POLA LIBERACION DA MULLER

**MOVEMENTO DEMOCRATICO DE MULLERES**

# ¿QUE SIÑIFICA SER FEMINISTA?

Hoxe xa ninguén pon en dúbida a discriminación que na nosa sociedade sofre a muller. Ista situación fai perciso un movemento femenino que prantexe a nosa problemática, por iso, dempóis dun obrigado silencio de corenta anos, as mulleres escomenzamos a tomar concencia do lugar que nos corresponde nunha sociedade que, hoxe, se pretende máis xusta.

Ser feminista no noso país quer decir polo pronto, loitar en contra dunhas estructuras inxustas que son as que fan posible a especial opresión que está a sofrí-la muller; é por iso, que debemos alonxarnos dun pretendido feminismo que somentes teña presente esa tan cacarexada igualdade co home si esta se ven a dar dentro das mesmas estructuras sociales actuales.

Temos que loitar, polo tanto, porque o noso feminismo vaia máis a lá etenda a modifica-lo contexto social no que a oprexión específica da muller, se da, e pra elo, é perciso que cambie non somentes a nosa mentalidade e a do home, senón que temos de facer que cambien tamén as estructuras económicas, políticas, e por suposto as ideolóxicas.

# UNHA LOITA CODO CON CODO

Temos un anceio de libertade que puxa dentro de nós querendo romper cadeas de silencio, de sumisión, de dependencia... pro que iste noble enceio non nos faga ir a cegas, confundindo o camiño, vendo libertade onde non habería máis que novas fontes de sumisión e de dependencia.

Non nos deixemos engañar, o enfoque da nosa loita non debe ir encamiñada en contra dos nosos compañeiros que sofren o machismo coma nós sofremos o feminismo. Istes papeles sonnos impostos non ben nacemos, porque así combén á determiñadas sociedades, i esto cada quén o asume conscente ou inconscentemente, pro iso sí; ¡irremisiblemente!, mentras nós mesmos non fagamos por cambiar iste estado de cousas.

# UNHA NECESIDADE: O MOVEMENTO DEMOCRATICO DE MULLERES

Tendo en conta, ademáis, que as mulleres somos o cincoenta e tres por cento da poboación, compre decatarnos da importancia que ten a nosa toma de concencia cara iste gran problema que temos de frente. O momento actual que estamos a vivir, iste cambio dunha dictadura a unha democracia, vennos dá-la libertade de expresión que necesitamos as mulleres pra clarexar dúbidas, medos, indecisións...

O Movemento Democrático de Mulleres nacéu desta necesidade e ten coma ouxetivo fundamental a liberación da muller, acadando pra elo unha sociedade máis xusta onde os seus problemas específicos sexan mirados coma outros tantos que temos de ir resolvendo deica lograr un estado social no que a humanidade poda desenrolarse sen grandes traumas, e que as vindeiras xeneracións acochen nun mundo que teña como meta unha paz fructífera, unha paz verdadeira nascida do esforzo común por alonxá-la explotación duns seres polos outros.

## UNHA BATALLA NA QUE TEMOS QUE PARTICIPAR: AS ELECCIONS

Por iso, nestes momentos de predemocracia facémosvos un chamamento pra incrementá-lo Movemento Democrático de Mulleres. Temos en portas unhas eleccións ás que debemos contribuir co noso voto responsable pra que en España se elabore unha constitución democrática e igualitaria. Debemos facer que se teñan en conta as nosas reivindicacións i esixir un ensino profesional que faga posible o noso acceso a tódolos postos de traballo en igualdade de condicións co home.

Coidamos que o noso deber é tomar parte activa na vida social e poder lograr así melloras tales coma garderías prós nenos, ensino gratuíto a todólos niveles, servicios colectivos de lavanderías, comedores, e un amplio etcétera que posibiliten a incorporación da muller ó traballo productivo.

**¡O MOVEMENTO DEMOCRATICO DE MULLERES E O TEU!**

**¡O MOVEMENTO DEMOCRATICO DE MULLERES TEN UN SITIO E UN TRABALLO PRA CADA MULLER!**

## Esperamos a tua colaboración

**O noso local está en: López de Neira, 5-1.° ofic. 3-4 De 6 a 9**